

**FICHA PARA APRESENTAÇÃO DE UMA PERGUNTA COM
PEDIDO DE RESPOSTA ESCRITA (artigo 130.º)**

Escolher apenas um destinatário:

- PRESIDENTE DO CONSELHO EUROPEU CONSELHO
 VICE-PRESIDENTE / ALTA REPRESENTANTE COMISSÃO

Pergunta escrita prioritária

AUTOR(ES):

Lidia SENRA RODRÍGUEZ

ASSUNTO:
(especificar)

Agresións à contorna dunar da Lanzada e fontes europeos

TEXTO:


A contorna da praia da Lanzada, no concello de Sanxenxo, está incluída como zona de protección ZEC e ZEPA na Rede Natura 2000 e nela leváronse a cabo dúas fases de rexeneración dunar, quedando pendente de execución desde o 2009 unha terceira, que suprimiría parte do trazado da estrada PO-308, para rexenerar as dunas existentes, ampliar a zona de praia e aumentar a seguridade vial.

Non obstante, no 2016 comezou unha obra na dita PO-308, con fondos FEDER, para abrir un sendeiro peonil e ciclista (este último segue sen facerse), que conlevou que as dunas pasaron a ser removidas e usadas como zona de almacenaxe de escombros e como aparcadoiro de maquinaria pesada nas inmediacións, ademais, do conxunto megalítico Con do Cormorán, que se viu afectado.

Neste tempo tamén, o entablado de madeira do paseo saiu voando tres veces, chegando a impactar no colexio que hai nas proximidades, ao facerse as obras sen ter en conta os estudos xeolóxicos, e colocaron unha base de cemento.

Ten constancia a Comisión dos fondos europeos empregados neste sendeiro ciclista non construído e en todas as obras daninas para as dunas? Considera que son compatibles estas actuacións coas medidas de protección natural desta zona?

Assinatura(s):



Data:

11/04/2019